

ACTA DO XURADO

IV Premio Editorial de Fotografía Documental Galega

A Coruña, 29 de novembro de 2024

Reunido o xurado, conformado por Tono Arias (Dispara), Lucía Carballeda (Galería Dupla), Marcos Ferreiro (Zlick / AmordeMadre), Sergio Marey (artista multidisciplinar, curadore e xestore cultural) e Suso Vázquez (Fabulatorio), acorda conceder o IV Premio Editorial de Fotografía Documental Galega ao proxecto **Entidade Singular. Singular Entity**, de **Iván Nespereira**, “pola súa envergadura, dimensión e ambición. Por ser un traballo profundo, composto de fotografías estéticamente fortes, que darían para facer máis dun libro de calidade”. Ademais, o xurado agradece e valora “o absoluto respecto ás bases do Premio por parte do autor á hora de presentar o material fotográfico á convocatoria: sen secuenciar e de xeito neutro; marcando o camiño pero deixando unha porta aberta á edición”.

Segundo explica Nespereira, ‘entidade singular’ “é un termo utilizado en demografía e que o Instituto Nacional de Estadística define como calquera área habitable dun termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que é coñecida por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. O número de entidades singulares que conforman Galicia, lonxe de reducirse á par de poboacións menores que perden habitantes, aumenta cada ano. O idioma, a música, costumes, tradicións, a forma de ser dos habitantes do territorio ou a historia mesma foron as singularidades ou elementos diferenciadores que son utilizadas durante anos por institucións de toda índole e pensadores que buscan con diferentes obxectivos definir Galicia”.

Iván Nespereira (Ourense, 1978) traballa como fotógrafo e realizador freelance no ámbito da publicidade desde 2002. Inverte tempo en desenvolver proxectos documentais a longo prazo, que parten da investigación e onde a fotografía e o vídeo son as principais ferramentas que utiliza.